



EXPEDIENTE 2024/C005/000002 Contrato de subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro.

Informe da unidade técnica de valoración das ofertas e de formulación da proposta de adxudicación.

En relación co contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: Subministro	
Obxecto do contrato: subministro mediante aluguer, montaxe e desmontaxe de carpas e/ou jaimas para diferentes actos que se realizan no Concello de Touro.	
Procedemento de contratación: aberto simplificado abreviado	Tipo de tramitación: Ordinaria
45223800-4. Instalación de estruturas prefabricadas	
Valor estimado do contrato: 50.148,00 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 50.148,00 €	IVE (21 %): 10.531,08 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 60.679,08 €	

Con data 11 de marzo de 2024, ás 10:35 horas, a unidade técnica composta polo funcionario administrativo, José Ramón Casal Orza, e o secretario-interventor, José López González, procedeu á apertura dos arquivos electrónicos presentados a través da Plataforma de Contratos do Estado.

Do resultado dese acto de apertura resulta que ó procedemento presentan ofertas os seguintes licitadores:

- José Antonio García Mosquera (N.I.F. 44.514.116-L) en data 05/03/2024 ás 12:38 horas
- Óscar Mata Bouzas (N.I.F. 45.872.880-R) en data 06/03/2024 ás 18:19 horas

En cumprimento da cláusula décimo cuarta do PCAP á vista das proposicións presentadas polos licitadores e de conformidade co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Unidade Técnica que subscribe emite o seguinte,

INFORME

1. APERTURA DE PROPOSICIÓNS

Que na citada data, procedeuse á apertura das proposicións presentadas co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO €/M ² CARPA/JAIMA	PREZO €/M ² TARIMA
José Antonio García Mosquera	4,15	8,35
Óscar Mata Bouzas	3,80	7,00

Comprobouse a presentación da documentación non avaliable de obrigada presentación, conforme ao establecido na cláusula 9.6 e no Anexo II do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación:

- Documentación na que se describan as características e medidas específicas das carpas.
- Seguro de responsabilidade civil.

2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS.

Realizada a valoración das ofertas por esta unidade técnica, de acordo coas fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, quedan clasificadas co seguinte resultado por orde decrecente:



LICITADOR	Puntos prezo €/m ² Carpal/jaima (90 puntos)	Puntos prezo €/m ² tarima (10 puntos)	Puntuación total (100 puntos)
Óscar Mata Bouzas	90	10	100
José Antonio García Mosquera	82,41	8,38	90,79

3.- REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E DE EMPRESAS CLASIFICADAS

Procedeuse á comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que as empresas mellor clasificadas están debidamente constituídas, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non están incursas en ningunha prohibición para contratar.

Resultando que no Anexo I presentado por Óscar Mata Bouzas declara a inscrición con nº 2024/004911 e realizadas as comprobacións tanto no ROLECE coma no Rexistro de Contratistas de Galicia non consta a referida inscrición; por medio da presente requíreselle para que no prazo de cinco días hábiles acredite a inscrición ou aporte a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para elo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a aportación do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de haber aportado a documentación preceptiva e de non recibir requirimento de subsanación. (Cláusula oitava Prego de Cláusulas Administrativas).

Rematado o acto ás 10:48 horas redactase o presente informe en Touro na data da sinatura electrónica á marxe.